In the state organization, just as in other organizations, individuals submit or risk only a portion of their resources and only in the extreme case of a perfectly totalitarian structure would resources for private disposal disappear.

Society (or the economy) does not constitute an organization, it is neither a decision unit nor unit of account.

Nun recente traballo os profesores do Centro para o Estudio da Elección pública (Vanberg e Buchanan, 1986) emprégase unha elemental, pero suxestiva teoría da organización para chama-la atención sobre as relevantes dimensións que permanecen implícitas nos argumentos que separan a Buchanan dos seus críticos. Dificilmente entre as posicións dos agregacionistas e dos individualistas se pode establecer unha ponte de mutua comprensión, porque, en definitiva, supón concepcións distintas sobre o Estado, a sociedade e a economía. Para Vanberg e Buchanan o fallo fundamental da ortodoxia, na súa comprensión do verdadeiro significado da débeda pública estriba na súa incapacidade de distingui-lo Estado e a sociedade (ou a economía) con tódalas consecuencias que isto implica. E unha distinción, a través da organización, pode clarificar nocións centrais do debate de débeda (traslación de carga, distinción entre débeda interna e externa e incluso a potencial explotación fiscal que da débeda pode derivarse).

As organizacións (clubs, partidos políticos, empresas, etc.) constitúen conxuntos de persoas que se relacionan co obxecto de establecer decisións conxuntas e accións concertadas. Trátase de unidades de toma de decisións e accións, ás que os membros aportan unha parte dos seus recursos, posúen unha constitución que implícita ou explicitamente establece os termos de condición de membro e os dereitos dos individuos a participar no control da organización. Os individuos son membros e organizacións particulares, baixo compromisos específicos de entrega de recursos que varían segundo o tipo de organización.

Mentres que a sociedade é só unha construción conceptual que se aplica á totalidade de relacións socioeconómicas entre grupos de persoas e que se define normalmente polas súas dimensións xeográficas, o Estado é de feito unha organización, a organización política das persoas que viven en sociedade e normalmente posúe unha posición de que viven en sociedade e normalmente posúe unha posición de monopolio como «axencia protectora» establecendo e facendo cumprilo ordenamento xurídico baixo o que a interacción social se realiza. Na organización estatal, os individuos, do mesmo xeito ca en outras organizacións, someten ou comprometen só unha parte dos seus recursos e unicamente no caso límite unha estrutura perfectamente totalitaria desaparecerían potencialmente os recursos de disposición privada. A pesar de que o Estado, como organización, controla un extenso entorno institucional, hai unha separación significativa entre o que os cidadáns fan (ou poden ser requiridos para facer) como cidadáns, é dicir, membros dunha organización, e o que as persoas nas súas capacidades privadas deciden facer.

Se a organización estatal impón impostos exercendo a súa autoridade constitucional ou require os cidadáns para que compren bonos (débeda forzosa) a operación fiscal é claramente interna. Sen embargo, se a débeda gubernamental se adquire por cidadáns pero na esfera das súas capacidades privadas e voluntariamente, a débeda será externa á organización estatal. Así, a distinción tradicional de débeda interna (financiada por cidadáns) e a externa (financiada por estranxeiros), adquire unha dimensión diferente.

A sociedade (ou a economía non constitúen unha organización, non é unha unidade de decisión nin unha unidade de conta e, en tódolos países onde hai límites constitucionais, ó exercicio dos poderes

In the case of private organizations the freedom to enter and withdraw from these restricts the potential exploitation of future members through a process of indebtedness and financial commitments and the right to vote is acquired on becoming a member and the group of voters coincides with the group of members. In the case of state organizations membership is not transferable and is not normally acquired by express decision. Moreover, the cost of withdrawal is high and citizenship is normally acquired through birth but the right to vote is postponed until one comes of age.

### 5. Neutrality theorem

Robert J. Barro starts from Modigliani's hypothesis (1961) that an increase in debt will affect the aggregate demand if this implies an increase in the wealth received by domestic economies, and concludes that in certain circumstances the future taxes necessary to finance the payment of interest on the debt would involve a complete neutralization of the direct, positive wealth effect.

Barro's analysis is defined as a model of superimposed generations in which the present generations are connected to future ones by a chain of intergenerational operational transfers and in which the issue of debt is assigned to transfers or to the reduction of lump-sum tax for the present generation.

Buchanan (1976) flatly rejects Barro's conclusions (also Felstein, 1976) on the grounds that the assumptions the model is based on are unrealistic.

In the first place there is a fundamental difference between Ricardo's theorem and Barro's model. The Ricardian proposal starts from the assumption that the effects on saving and consumption are invariable for any one of the alternatives. Barro's proposal affirms that the issue of debt does not affect the rate of consumption or saving.

For Buchanan one could only talk of a neutrality result if, for every individual, the profit from expenditure were the same as the present value of future taxes. This hypothetical coincidence will never in fact occur. In any case neutrality would be attained if the effects on the consumer-savings structures in both groups were balanced.

Buchanan and Roback (1987) are even closer to the hard-core of Barro's work, which assumes that there is no tax illusion. In the private field and in terms of intergenerational relations, debt to finance common consumption implies a decision to reduce legacies.

### 6. Notes in conclusion

Independently of the extensive theoretical discussions concerning debt, it seems reasonable to affirm that Buchanan's perspective of carrying the theme to the field of the real

gubernamentais sobre os individuos, é erróneo agregar ou contabilizar compensatoriamente dereitos e obrigacións como se faría no balance dunha empresa. E cando Lerner di que a débeda nacional non ten acredor externo, porque uns cidadáns débena a outros, está eliminando unha distinción fundamental entre organización estatal e sociedade, distinción que trascende o marco da débeda pública e que é fundamental para a convivencia democrática.

No caso de organizacións privadas a liberdade de entrada e saída das mesmas limita unha potencial explotación de futuros membros mediante un proceso de endebedamento e de compromisos financeiros. Na organización estatal a calidade de membro como dereito non é transferible, e non se adquire normalmente por expresa decisión. Amais o custo de saída é elevado, xa que a condición de cidadán vai unida xeralmente á residencia. Por isto, a tentación dalgún grupo dos actuais membros de trasladar custos temporalmente vese reforzada por esas circunstancias. Por outra parte, nunha organización privada o dereito ó voto adquirese coa condición de membro e o grupo de votantes é coincidente só de membros. Na organización estatal adquirese a condición de cidadán normalmente polo nacemento, pero dereito ó voto, aprázase ata a madurez. Deste xeito o proceso de decisión estará sesgado cara ós intereses dos membros efectivamente participantes.

Na aproximación macroeconómica de Lerner e sucesivas, este tipo de matizacións non son necesarias, a débeda pública comporta exclusivamente transferencia de rendas nas xeracións futuras e non interesan para nada os dereitos individuais ou a diferenza de status de beneficiarios do gasto, rendiñas de bonos e contribuíntes.

## 5.— O Teorema da Neutralidade

O teorema clásico ricardiano da equivalencia entre tributación e débeda experimentou unha sorprendente reemerxencia na moderna análise da política económica. Este interese xurde en parte dos problemas tradicionais dos efectos diferenciais do financiamento tributario e por débeda con fins de política macroeconómica e en parte, asemade, polas cuestións que se refiren ós efectos das obrigacións da futura seguridade social sobre a actual acumulación de capital. (Brenan e Buchanan, 1987, p. 79).

Foi Robert J. Barro no seu polémico artigo titulado: «¿Son os bonos gubernamentais riqueza neta?» (1974) quen cumpriu aquel papel, iniciando unha análise da débeda pública baixo os condicionantes metodolóxicos da chamada Nova Macroeconomía Clásica ou paradigma das expectativas racionais. Como é sabido, o centro firme deste programa de investigación estriba na non relaxación do postulado das prediccións informadas da conducta racional; noutros termos, no postulado das expectativas racionais fundadas na máxima información, suposto radicalmente contrario á conducta baixo ilusión fiscal.

Barro parte da hipótese de Modigliani (1961) de que un incremento da débeda terá efectos sobre a demanda engadida se isto supón un aumento da riqueza percibida polas economías domésticas. Tanto en pleno emprego coma no contexto de non pleno emprego, un incremento da riqueza individual tradúcese nunha expansión do consumo

processes involved in political decision is correct and can in practice offset macroeconomic approaches and over-rational models of individual behaviour. In any case the present levels of debt, together with the important questions posed by social security, are going to raise once more the broader question of intergenerational financial relations.

(compoñente da demanda engadida) fronte ó aforro; de ahí un aumento dos tipos de interese e finalmente un descenso da fracción de produción destinado a acumulación de capital.

Resultaba polo tanto crucial determinar esa primeira cuestión de partida. Barro recolle os interrogantes de Tobin (1971) segundo os cales, ¿como é posible que a sociedade, co novo artificio de endebedarse consigo mesma, poda enganarse crendo que é máis rica? ¿Acaso os impostos adicionais necesarios para afronta-la carga de intereses non reducen o valor doutras compoñentes da riqueza privada? Dentro desta liña argumental, Barro constitúe un modelo de análise, concluíndo que baixo certas circunstancias, os impostos futuros necesarios para financia-lo pago de intereses da débeda, implicarían unha neutralización total do efecto riqueza directo e positivo. Os bonos do goberno, polo tanto, non constitúen riqueza neta e, xa que logo, os efectos fiscais que entrañan cambios das cantidades relativas de financiamento con impostos e con débeda dunha determinada cantidade de gasto público non terán efectos sobre a demanda engadida, sobre os tipos de interese e sobre a formación de capital.

A análise de Barro especificase a) coma un modelo de xeracións superpostas nas que as vidas finitas non serán relevantes para a capitalización das débedas impositivas futuras, na medida en que as xeracións actuais estean conectadas coas futuras por unha cadea de transformacións interxeracionais operativas (desde os vellos ós mozos e viceversa). b) A emisión de débeda destínase a transferencias ou á redución de impostos de suma fixa para a xeración actual e, por isto, os individuos poden usar estes fondos recibidos para compra-los títulos do goberno, co que non hai desprazamento do investimento privado nin aumento dos tipos de interese.

Baixo estas condicións o modelo de Barro é máis amplo có da simple comparación de efectos entre débeda e tributación xa que poden aplicarse ó funcionamento do sistema de seguridade social no que os gobernos contraen obrigacións de pagos futuros sen asegura-la dispoñibilidade de fondos no período inicial.

Buchanan (1976) oponse frontalmente ás conclusións de Barro (tamén Felstein, 1976) partindo da irrealidade dos supostos do modelo (mercado de capitais competitivo ou perfecto, conducta das persoas coma se tivesen vidas infinitas, é dicir tendo vidas finitas pero con motivacións dun legado interxeracional positivo e especialmente (o defecto básico, coma o teorema de Ricardo) de que se admite sen discusión que as persoas con previsión perfecta capitalizan completamente as débedas impositivas futuras.

A Buchanan continúa a preocupalo as implicacións de política económica da teoría e matizada análise de Barro. Deste xeito, a) distingue entre a equivalencia ricardiana e a neutralidade de Barro, b) desenvolve un modelo de votación con dous tipos de individuos sen ilusión fiscal para demostrar que a débeda ten consecuencias redistributivas que algúns votantes prefiren racionalmente débeda a impostos, c) tenta verifica-la proposición de que a emisión de débeda que redistribúe rendas non é neutral respecto ós aforros e ós consumos (Buchanan, Roback, 1987).

En primeiro lugar, hai unha diferenza fundamental entre o teorema ricardiano e o modelo de Barro. A proposición ricardiana estriba na equivalencia de efectos entre débeda e tributación como medios

alternativos para financiar gastos públicos, é dicir, cos efectos sobre o aforro e o consumo son invariantes para calquera das alternativas. A proposición de Barro vai máis aló, é máis forte e arriscada, xa que asegura que a emisión de débeda coma tal é neutral nos seus efectos sobre as taxas de consumo e aforro.

Para Buchanan, incluso admitindo os supostos restrictivos de Barro, entre eles, que a débeda se destina a transferencias monetarias, soamente se podería falar dun resultado de neutralidade se os individuos son capaces de equilibrar ou iguala-lo valor actual da parte de carga inducida da débeda que lles corresponde, coas transferencias recibidas. Por isto que para todo individuo, os beneficios do gasto (en forma de transferencias) sexan iguais ó valor presente dos impostos futuros. Esta imaxinativa coincidencia non se dará de feito, e algunhas persoas experimentarán un incremento de riqueza neta, mentres para outras resultará o contrario. Así e todo a neutralidade conseguiríase se os efectos sobre as estruturas de consumo-aforro en ámbolos grupos se compensasen.

Se a débeda se gasta en bens e servicios públicos (non en transferencias) as persoas terían que xulgar por si mesmas, como consecuencia do gasto, están mellor ou peor. E, desde logo, se os fondos conseguidos coa venda de bonos se «malgasta nunha viaxe exótica ó estranxeiro dos membros do Congreso» tódolos cidadáns experimentarán descensos netos na súa riqueza percibida. De calquera xeito os efectos sobre o consumo e o aforro e a dirección de tales efectos non pode ser prexulgada sen o coñecemento da función de utilidade intertemporal de cada un dos individuos.

Buchanan, Roback, (1987) sitúanse aínda máis preto do centro firme do traballo de Barro: asume que non hai ilusión fiscal, que o gasto financiado dos pais depende do benestar dos seus fillos, é dicir, hai un legado positivo interxeracional. Supoñamos que cumpríndose eses requisitos se produce a neutralidade. Queda daquela unha pregunta boiando no aire. ¿Por que os gobernos se endebedan? Barro no seu último artigo de 1979 recoñeceu que esta pregunta era importante, aínda que, en opinión de Buchanan, acudiu a argumentos aplanadores ou suavizantes de segunda e terceira orde nun intento de clarificar a súa ambigüidade que emerxe coma consecuencia da proposición de plena neutralidade.

No marco privado e en termos de relación interxeracionais, a débeda para financiar consumo corrente supón unha decisión de reducir legados. Neste sentido Drazen (1978) afirmaba que se as persoas desexan reduci-los seus legados poden usar débeda pública para facelo, poden incrementa-lo seu consumo presente xa que os impostos requiridos son cargas contra o consumo futuro.

Seguindo a Buchanan e Rocak supoñamos que na comunidade existen dous conxuntos diferenciados de individuos. O conxunto A, cun equilibrio intertemporal que encerra un legado positivo ós seus herdeiros e cesionarios e o conxunto B, cun equilibrio intertemporal que non implica legados. (No teorema de Barro estas persoas non existen, o conxunto B estaría baleiro). Coma inciso pódese indicar que a institución da débeda pública positiva as persoas para deixar legados negativos, o que non é factible polo dereito que establece o chamado beneficio de inventario nas herdanzas.

Pódense analizar (como o fai Buchanan a Roback, 1987, p. 14 e ss.) tres presupostos:

1. Un suposto de identidade total de circunstancias para o grupo A e para o B. A única diferenza entre eles é a apuntada de que o grupo A ten motivacións interxeracionais positivas e o B non as ten, son cero ou negativas.

Ámbolos dous conxuntos: a) pagan impostos no período corrente e nos futuros iguais per cápita, b) posúen a mesma dimensión e esperan ter igual número de descendentes, c) a débeda que se emite devólvese en forma de gasto público de transferencias iguais per cápita.

¿Cal será a conduta previsible de A e B asumindo a hipótese das expectativas racionais? Evidentemente, o conxunto A comportarase de acordo co axuste ricardiano e xerará os aforros suficientes para compensa-lo valor actual da carga fiscal dos seus herdeiros. Manterán o nivel de consumo acadado e aforrarán as transferencias monetarias que lles corresponden. O conxunto B polo contrario utilizará as transferencias para a expansión do consumo xa que non lle preocupa o futuro. Nestes termos, o incremento da débeda, que supón un descenso no aforro público, só se compensará na metade gracias ó aforro privado do conxunto A. Hai nesa parte un inevitable crowding-out efectos secundarios sobre o tipo de interese. Neste contexto o teorema de Ricardo e o de Barro non son válidos, xa que con tributación o conxunto B non incrementaría o consumo e existiría plena neutralidade.

Pero, ¿cal será a conduta previsible de A e B no momento da toma de decisións, é dicir, no momento de vota-lo programa de financiamento con débeda? Evidentemente A, debido a que non gaña nin perde, non terá ningún incentivo para se opor á débeda. O grupo B apoiará a débeda para reducir impostos correntes ou financiar programas de transferencia.

2. O segundo suposto formulado por Buchanan e Roback é idéntico ó anterior, coa única diferenza de que B non paga impostos. A paga tódolos impostos no período inicial e os seus fillos pagarán os correspondentes no período futuro. Neste caso, A incorporará totalmente ó valor das anticipadas cargas futuras nas súas carteiras de títulos experimentando un descenso da súa riqueza neta e o novo aforro que a operación fiscal conleva será inferior ó montante da débeda. De feito prodúcese unha transferencia de renda de A, que paga impostos, a B que non os paga. Dado que A ten unha maior propensión ó aforro agregado da economía.

Se supomos que só o conxunto A é posuidor do capital, a operación de débeda equivale a unha leva de capital sobre A. Neste caso, o teorema de Ricardo é válido, pero o da neutralidade de Barro non, xa que se reduce o aforro e polo tanto, o valor actual da corrente de ganancias para o conxunto da economía.

Naturalmente en tal situación o grupo A oporase á emisión de débeda, mentres que B apoiaraa. A débeda será aprobada baixo distintos modelos de maioría en que o grupo B sexa máis numeroso có grupo A. Así e todo, abonda cunha pequena relaxación co postulado das expectativas racionais para que unha parte de A sufra ilusión fiscal e asuma a votación da débeda.

3. Suposto idéntico ó primeiro pero no que B non ten descendentes e ámbolos A e B pagan os impostos do período corrente. Neste

caso, o grupo A realizará os axustes precisos nas súas taxas de consumo e aforro en caso de emisión de débeda, pero o grupo B limitarase a consumir as transferencias. Evidentemente, neste suposto, non é válido nin o teorema de Ricardo nin o de Barro.

## 6.— Notas de conclusión

Con independencia das extensas discusións teóricas sobre a débeda, parece razoable admitir que a perspectiva de Buchanan para levarlo tema ó terreo dos procesos reais de decisión política, é acertada e pode contrapesar operativamente os enfoques macroeconómicos e os modelos supranacionais de comportamento individual. Amais de que a débeda xera menos oposición política cós impostos, é evidente que enfoques coma a nova ortodoxia e modelos coma o de Barro, proporcionan certos efectos externos políticos (political spillovers) dunha actitude máis permisiva en torno ó endebedamento público. Así e todo, o simple lóxica de cuantificar os gastos polos intentos e amortizacións levará sen dúbida os políticos e votantes a enfrontarse coa alternativa de incrementar os impostos ou reducir os gastos. Tamén os efectos redistributivos da débeda, non tan favorables ás rendas baixas como se pensaba, constituirán un factor decisivo. En todo caso, os niveis actuais de débeda, canda ás importantes cuestións da seguridade social, van reformular con profundidade a máis ampla problemática das relacións financeiras interxeracionais.

## Referencias bibliográficas

BARRO R. (1974) «Are government bonds net wealth?», *Journal of Political Economy*, vol. 82, núm. 6, pp. 1095-1117, traducido no libro *La Deuda Pública*, Instituto de Estudios Fiscales, Madrid, 1982, pp. 671-698.

BARRO, R. (1976) «Reply to Feldstein and Buchanan», *Journal of Political Economy*, núm. 2, pp. 343-349.

BARRO, R.J. (1979), «On the determination of public debt», *Journal of Political Economy*, núm. 5, pp. 940-971.

FERGUSON, J.M. (ed.) (1974), «Public debt and future generations», *University of North Carolina Press*.

BRENNAN, G. e BUCHANAN, J.M. (1980), «The Power to tax», *Cambridge University Press*.

BRENNAN, G. e BUCHANAN, J.M. (1987), «The logic of ricardian equivalence theorem», Buchanan, Rowley, Tollison, *Deficits*, op. cit., pp. 79-92.

BUCHANAN, J.M. (1958), «Public principles of public debt», Richard D. Irwin Homewood, Illinois.

BUCHANAN, J.M. (1976), «Barro on the ricardian equivalence theorem», *Journal of Political Economy*, núm. 2, pp. 337-342, traducción no libro sobre *Deuda Pública*, Instituto de Estudios Fiscales, Madrid, 1982, pp. 715-721.

BUCHANAN, J.M. e WAGNER, R.E. (1977), «Democracy in Deficit», *The Political legacy of Lord Keynes*, Academic Press, New York, traducido ó castelán, ed. Rialp, Madrid, 1983.

BUCHANAN, J.M. (1983), «Debt, demos, and the welfare state», publicado en alemán en 1983, reproducido en *Liberty, market and state*, op. cit., pp. 210-221.

BUCHANAN, J.M. (1986), «Public debt and capital formation», publicado inicialmente en D.R. (ed.), (1985), *The political economy of capital formation: direct and indirect effects of taxation*, San Francisco, reproducido no capítulo 18 do libro de Buchanan *Liberty, market and state*, Harvester Press, 1986, pp. 195-209.

BUCHANAN, J.M. (1985), «The moral dimension of debt financing», *Economic Inquiry*, xaneiro, pp. 1-6.

BUCHANAN, J.M. (1987), Rowley, Ch. K e Tollison, R.D., «Deficits», Basil Blackwell.

BUCHANAN, J.M. (1987), «The ethics of debt default, en Buchanan, Rowley, Tollison». *Deficits*, ob. cit., pp. 361-373.

BUCHANAN, J.M., POBACK, J. (1987), «The incidence and effects of public debt in the absence of fiscal illusion» *Public Finance Quarterly*, vol. 15, pp. 5-25.

LERNER, A.P. (1943), «La Hacienda funcional y la deuda federal», en Smithies e Butters, *Lecturas sobre política fiscal*, Revista de Occidente, Madrid, 1959.

LERNER, A.P. (1944), «Teoría económica del control», Fondo de Cultura Económica, México, 1951.

LERNER, A.P. (1948), «The burden of the national debt», en *Income, Employment and public policy: Essays in honor Alvin H. Hansen*, Norrton, New York, 1984.

O'DRISCOLL, Jr., GERALD, P. (1987), «The ricardian none-

quivalence Theorem», *Journal of Political Economy*, núm. 85, 1987, pp. 207-210.

ROWLEY, Ch. K. (1987), «Classical Political Economy and the debt issue» Cap. 3 da obra de Buchanan, Rowley, Tollison, *Deficits*, op. cit. pp. 49-74.

SHUGHART, W.F., TOLLISON, R.D. (1987), «The vote motive and the debt: a contingent liability approach», en *Deficits*, op. cit., pp. 218-235.

SRAFFA, P., DOBB, M. (eds.) (1951), «The Works and correspondence of David Ricardo», Cambridge University Press.

VANBERG, V., BUCHANAN, J.M. (1986), «Organization theory and fiscal economics: society, state and public debt», *Journal of Law, Economics and Organization*, vol. 2, núm. 2, pp. 215-227.

